



# Historia dun patrimonio educativo: a colección visitable do IES Lucus Augusti

Antonio Prado Gómez

---

A instalación dun modelo de ensino público neste país é consecuencia da implantación do Estado liberal que, inspirado nas ideas revolucionarias francesas, comezou a deseñarse a partir da primeira Constitución aprobada en Cádiz en marzo de 1812. Nese primeiro regulamento liberal, o Título IX aparecía dedicado á instrución pública, e nel advertíase que se crearían en toda a nación os centros necesarios para garantir o seu desenvolvemento, e se defenderían as condicións de uniformidade e liberdade como requisitos constitucionais básicos. Eses principios, xunto co de gratuidade, volvían a recollese no *Proyecto de decreto para arreglo general de la enseñanza pública* de 7 de marzo de 1814, que quedou abortado polo restablecemento do absolutismo coa volta de Fernando VII ese mesmo ano. No artigo 29 do citado proxecto advertíase que cada establecemento de ensino secundario debería dispoñer dunha biblioteca pública, dun gabinete de historia natural tamén público, e doutro de instrumentos de física e modelos de máquinas, ademais contar con salas para debuxo e un xardín para prácticas de botánica e agricultura.

Cando, tras o primeiro período absolutista fernandino, o Trienio permita a recuperación das ideas liberais, procederase á aprobación polas reinstauradas Cortes, o 29 de xuño de 1821, dun *Reglamento General de Instrucción Pública*. No Título III deste advertíase que a segunda ensinanza que aquí nos interesa, desenvolveríase en establecementos aos que se lles daría, repetindo as recomendacións de 1814, o nome de *Universidades de provincia* (art. 22). A eses establecementos dotaríaselles cunha biblioteca pública, unha escola de debuxo, un laboratorio químico, un gabinete de física, outro de historia natural e produtos industriais, outro de modelos de máquinas, un xardín botánico e un terreo destinado á agricultura práctica (art.28). En consecuencia, o equipamento de todas estas dependencias implicaba unha serie de dotacións que pasarían a ser patrimonio dos centros.

A partir de 1833, o liberalismo asentouse definitivamente en España e con el o modelo de ensino público. Así, o 4 de agosto de 1836, Ángel de Saavedra, o duque de Rivas, conseguía a aprobación do Real Decreto que recollía un *Plan General de Instrucción Pública*, no que se reorganizaban os tres niveis educativos clásicos —primario, secundario e universitario— e no que, por primeira vez, se daba o nome de *Institutos* aos establecementos nos que se impartiría a instrución secundaria (art. 29). A partir dese momento, empezaron a instalarse institutos nas principais cidades españolas, e esa iniciativa concretouse na de Lugo coa aprobación da Orde de 30 de novembro de 1842, pola que se creaba un instituto de segunda ensinanza para o curso seguinte 1843-44.

A mediados do século XIX a organización do sistema educativo motivará a aprobación de dous novos regulamentos, máis amplos que os anteriores, e que dedican atención particular ao nivel intermedio da ensinanza. O primeiro será o Real Decreto de 17 de setembro de 1845 no que se aprobaba o *Plan general de estudios* coñecido como Lei Pidal, polo nome do ministro que a impulsou. Por ese regulamento as provincias quedaban encargadas do sostemento dos Institutos e, polo tanto, eran as deputacións as responsables de garantir o seu funcionamento. Para asentar estes centros preferíase a capital da provincia, aínda que nalgún caso foi aceptada outra situación, como pasaría no instituto lucense entre 1848 e 1862, anos nos que funcionaría en Monforte de Lemos. A pesar da atención que dedica a outros aspectos como ao do profesorado ou ao do réxime interior dos centros docentes, a Lei Pidal non concreta a dotación material que requirirían, aínda que parece obvio que á hora de impartir certas materias como a Física, a Química, a Historia Natural ou a Xeografía, era necesario contar co instrumental e cos complementos indispensables, ademais do regulamentado libro de texto. De feito,



Libros de matrícula, mediados do século XIX

unha Circular de 15 de setembro de 1846 prevía que os Institutos adquirisen o material científico necesario para o ensino das ciencias físico-naturais, e unha RO. posterior de 10 de abril ordenáballes completar os gabinetes de Física e Química e, a tal fin, remitíaselles un catálogo informativo. Aínda máis explícito era o Título VI da sección terceira do Regulamento para execución da Lei (artigos 171, 172 e 173), que concretaba os medios materiais de instrución con que debían contar os establecementos públicos de ensinanza: aulas capaces e ventiladas; biblioteca e arquivo; colección de sólidos para Xeometría; globos e mapas para Xeografía; cadros sinópticos para Historia; teodolitos, planchetas e outros instrumentos para o ensino da Xeometría

Práctica; aparatos de Física e Química organizados en gabinetes e laboratorios; unha colección de Mineraloxía e outra de Zooloxía que incluíse láminas; e por fin, un xardín botánico e un herbario.

O segundo regulamento ao que facíamos referencia é a *Ley de Instrucción Pública* que se publica o 9 de setembro de 1857 e que se coñece como Lei Moyano, nome do ministro que a promoveu. Este lonxevo regulamento, vixente ata 1970, ofrece unha pormenorizada análise educativa de todos os niveis docentes, pero tampouco concreta o aspecto das dotacións dos centros, agás no que se refire aos libros de texto aos que se lles dedica todo o Título V (arts. 86 ao 93).

Pola súa parte, os responsables do Instituto de Lugo tamén recoñecían a necesidade de contar co material axeitado para as súas clases, e procurarían, desde a súa mesma instalación, conseguir un equipamento suficiente para desenvolveselas.

Cando se abría o curso 1846-47, o novo director Leoncio Perejón amosaba a súa preocupación pola adquisición do instrumental necesario para as clases prácticas de Física, Química e Historia Natural, presentando un presuposto de case que 10.000 rs. para ese fin, e sinalando a pertinencia de que un representante do Instituto se desprazase a Madrid para efectuar as compras do material nas mellores condicións posibles. Así mesmo, o director Perejón encargaba a elaboración dun primeiro inventario no que se relacionaban os aparatos de física, a colección de minerais, os libros e os mobles existentes no centro. Así sabemos que, segundo o mencionado catálogo, na relación patrimonial do Instituto se incluían 351 mostras minerais e 44 instrumentos de física.

Na primeira memoria tipografiada que conservamos do Instituto, a do curso 1859-60, o gabinete de Física contaba xa con 121 máquinas e aparellos, unha colección de 500 minerais —100 deles clasificados—, o *Atlas Zoológico* de Aquiles Compte composto de 89 láminas, un cadro de ascensións aerostáticas, e estaba pendente a recepción dunha remesa de aves e animais disecados. A clase de Xeografía e Historia posuía unha colección de 28 cartas e mapas, algúns murais de relevo, dous cadros históricos universais, dous Atlas histórico-xeográficos de S. Sage, e dous xogos de esferas completos (terrestre, celeste e armilar). A aula de matemáticas dispoñía de dúas coleccións de sólidos, unha plancheta, niveis, xogos de pesas e medidas, etc. A de Debuxo 237 modelos, e a de repaso de lectura e escritura distintas mostras. Polo que respecta á biblioteca a compuñan 1.150 volumes de distintas materias, indicándose neste capítulo as adquisicións máis recentes.

A partir de tan temperá data o patrimonio do Instituto lucense foi medrando progresivamente, aínda que non sempre coa mesma aceleración, xa que, ata fins do século XIX, as circunstancias económicas difíciles nas que viviu o instituto e a súa dependencia a respecto da Corporación provincial, restrinxían as posibilidades de compras.



Lámina pedagóxica sobre os nocivos efectos do alcohol, utilizada nas clases da materia de Fisioloxía e Hixiene,

\* \* \* \* \*

Por un Real Decreto de 17 de agosto de 1901 os institutos de segunda ensinanza pasaban a ser denominados *Institutos Generales y Técnicos*. Non era un simple cambio de nome, xa que as circunstancias educativas estábanse modificando considerablemente no país desde a creación, un ano antes, do Ministerio de Instrucción Pública. Aproveitando o cambio de denominación o ministro Romanones propoñía, así mesmo, un novo plan educativo no que o bacharelato quedaba estruturado en seis anos nos que se estudarían, especialmente nos últimos cursos, materias de carácter pragmático como Cosmografía, Física, Química, Historia Natural, Fisioloxía e Hixiene e mesmo Agricultura e Técnica Agrícola e Técnica Industrial, as dúas últimas como materias particularmente innovadoras que pretendían xustificar o cambio de denominación. Ese cambio acompañábase da recomendación de facer as reformas en locais e material que se estimasen oportunas, para o que se daba aos claustros o prazo dun mes (art. 80). No caso do Instituto de Lugo esas reformas non deberon ser moi amplas, xa que o centro se mantiña constrinxido nos locais que lle cedía a Deputación no seu propio pazo. De todos os xeitos algo debeu facerse, como habilitar unha nova aula de Debuxo, e comprar certos materiais para prácticas que explican a existencia no centro de pezas de tipoloxía bastante sorprendente se consideramos as que serían necesarias para desenvolver os estudos actuais.



Láminas para estudo dos insectos

Non debeu ser desprezable para a práctica dun ensino máis aberto e flexible, o exemplo de institucións como a *Junta de ampliación de estudos e investigacións científicas* (JAE) ou o *Instituto-Escuela*, inspirados na liña pedagóxica da Institución Libre de Ensinanza. A JAE, creada por un Real Decreto de 11 de xaneiro de 1907, preocupábase por un modelo de estudos de carácter científico que se inspiraría na vangarda educativa europea, por iso impulsará unha política de bolsas no estranxeiro da que se aproveitaron tamén algúns lucenses, como o médico Paulino Suárez ou as irmáns Elisa e Jimena Fernández de la Vega. A idea era, desde logo, que os bolseiros, ao retornar a España, desen a coñecer os resultados dos traballos desenvolvidos e favorecesen con esa experiencia a mellora do ensino e dos centros de investigación (art.15). Outro decreto de 6 de maio de 1910 permitía á JAE a creación en Madrid dunha *Residencia de Estudiantes*, a que, aínda que pretendía "facilitar a las clases sociales más modestas el acceso y la prosecución de los estudios superiores", non deixou de ser unha institución bastante elitista, pese a que financiara cada ano un número de prazas gratuitas. O *Instituto-Escuela* sería a segunda institución creada ao amparo da JAE por outro Real Decreto de 10 de maio de 1918, neste caso se trataba dun centro de ensino secundario que debería ser modélico para os restantes da nación. Os seus profesores foron seleccionados en toda España, e un deles, o catedrático de Agricultura Jaime Crespí Jaime, procedía do Instituto lucense.

Do primeiro terzo do século XX conservamos bastantes Memorias anuais do Instituto nas que, a miúdo, se lembran as compras de material realizadas nese curso. Por exemplo, na de 1921-22, cando o instituto aínda non chegaba aos 300 alumnos, case que todos homes, as compras de material científico privilexiaban aos departamentos máis pragmáticos, como os de Física, Química, Historia Natural, Xeografía, que recibía neses momentos unha colección de cinco mapas murais, e Historia, á que chegaba outra de láminas ilustradas. Así mesmo, adquiríanse libros para a biblioteca e máquinas de mecanografía para as oficinas. Outra importante remesa de material científico conseguiuase a través do Ministerio grazas ás disposicións que permitían as RR OO de 4 de febreiro e de 31 de maio de 1922.



Colección de cristais de proxección

Pese a que noutros aspectos non foi unha lei afortunada, o Real Decreto de 25 de agosto de 1926 que é coñecido como Plan Callejo, tamén concedía importancia aos traballos prácticos como complemento dos coñecementos teóricos, e implantaba a obrigatoriedade das *permanencias*, períodos lectivos nos que se desenvolverían esas prácticas, se estimularían hábitos de traballo e se ensinaría a estudar aos mozos escolares. Iso obrigou aos centros a adquirir mapas, planos, mostras xeométricas e láminas pedagóxicas que foron ampliando os seus fondos.

O caso é que, no primeiro terzo do século XX o Instituto provincial de Lugo debeu aumentar considerablemente o seu patrimonio material, en especial na etapa 1918-1930 que coincide coa do catedrático de Física e Química Salvador Velayos na dirección do centro. Seguramente, outros docentes da área de Ciencias tamén estimularon as compras de material indispensable para as prácticas das súas materias, como Primo Castro Pita (director entre 1900-1901), ou Alfredo Rodríguez Labajo (director entre 1930 e 1941). Os directores da área de Letras, predominantes no século XIX, non parece que foran tan activos nas compras de material non bibliográfico, preferindo a adquisición de libros ou, en todo caso, de láminas pedagóxicas.

\* \* \* \* \*

Rematada a Guerra Civil, a lexislación franquista preocupouse máis de garantir o ambiente relixioso e patriótico nos centros que das súas dotacións de medios e instrumental pedagóxico. Eran, ademais, tempos de fame e penurias, que non permitían grandes ledicias de investimento ou de dotación. Aínda así, no caso de Lugo, prosperou, precisamente nos anos corenta, a construción dun novo edificio para Instituto como se demandaba desde facía moitas décadas. Esa etapa, que coincide coa dirección doutro catedrático de Física e Química, Delio Mendaña (1941-1955), volvería a permitir un incremento patrimonial, xa que ao instalarse o Instituto no seu edificio da avenida Rodríguez Mourelo, resultou obrigado dotar esas dependencias, e esta circunstancia motivou unha modernización das instalacións e unha renovación dos equipamentos. Foi nesta época cando se organizaron as vitrinas de animais desecados que cobren gran parte dos corredores superiores, e que teñen unha débeda incuestionable co que foi catedrático de Ciencias do Instituto Masculino, entre 1943 e 1956, Francisco Bernis Madrazo. Desgraciadamente, outras coleccións favorecidas polo dinamismo deste profesor e dos seus discípulos, perdéronse, como unha interesantísima selección de niños de paxaros de Galicia, que foron retirados "*como palla vella*" nalgunha desafortunada obra de reforma posterior.

A sucesivas remesas de material educativo, cada vez máis moderno, na segunda metade do século XX, foron apartando ás antigas pezas, pese a que algunhas delas, nin sequera saíran das súas embalaxes orixinais, logo, moitas quedaron aparcadas en faiados e armarios sen que foran aproveitadas para fins didácticos. A verdade e que se esta desidia non foi boa para mellorar a ensinanza, serviu polo menos, para non deteriorar as pezas, moitas das que se conservan hoxe en perfecto estado.


En 1992, o Instituto, xa chamado Lucus Augusti, propúxose celebrar os 150 anos do seu nacemento, circunstancia que permitiu descubrir e demostrar que era o máis antigo de Galicia, e desde esta historicidade procurar a recuperación do seu patrimonio. Constituíuse entón unha pequena mostra expositora nunha parte da actual sala de profesores, pero era este un espazo pouco axeitado para contemplar e estudar as pezas. Habería que esperar aínda unha década para que, cunha dirección particularmente sensible ao sentido histórico

do Instituto, se tomarán unha serie de iniciativas que o converteron nun centro museable: novas vitrinas nas escaleiras de acceso, renovación do arquivo e da biblioteca, unha colección de 125 obras de pintura e escultura de antigos profesores e alumnos e, sobre todo un espazo duns 130 m<sup>2</sup> nos que radica a actual Colección Visitable.

A sala exposición foi inaugurada en outubro do ano 2003, pola mesma época na que se asinaba o acordo institucional polo que o Instituto Lucus Augusti convertíase en membro fundador da rede do Museo Pedagóxico de Galicia. Na mostra que se presenta na actualidade ofrécese unha selección dos materiais pedagóxicos que o Instituto provincial foi acumulando ao longo de 160 anos de historia. A limitación de espazo impón unha apertada e heteroxénea exposición, que requiriría un aumento de superficie do que, hoxe por hoxe, non pode dispoñer o Instituto. Hai nela un recordo dos expedientes académicos de alumnos ilustres, mostras dos libros de matrícula máis antigos, unha selección dos exemplares bibliográficos máis estimables, unha mostra de preparacións e traballos realizadas polo alumnado, unha exposición de pezas minerais seleccionadas, algunhas fotografías de alumnos e profesores, mapas e láminas pedagóxicas, maquetas en escaiola e, sobre todo, a exhibición de numerosas pezas de material práctico de física, química, mecánica, óptica e historia natural. Outras pezas curiosas que se poden contemplar na visita a esta sala son as dun manequín coa vestimenta decimonónica dun catedrático, o órgano da antiga capela, un pupitre do mobiliario escolar de mediados do século vinte, ou algunhas antigas máquinas de escribir e de fotografía.

En fin, máis que seguir, parece recomendable aconsellar unha visita que, en principio, resulta particularmente interesante para aqueles que queiran recuperar a memoria histórica da nosa pedagogía. Agardamos que sirvan para animar esa visita a contemplación dalgunhas pezas que acompañan estas liñas, e, en todo caso, o visitante que se decida realizala poderá ter empatía con outros tempos, non estou moi seguro de se mellores ou peores, do noso ensino.

Lugo, xuño de 2008



Balanza de precisión. Principios do século XX



Caixa para prácticas de química de principios do século XX



Forno de reverbero, utilizado para destilacións, evaporacións e outras prácticas



Caixa de reactivos do primeiro terzo do século XX



Modelos, en escayola, do ollo e do corazón, para o ensino da anatomía humana



Cámara de fotos de fol. Primeiro terzo do século XX



Libro do século XVI



Caixa de insectos, anos corenta do século XX



Estuche para estudo de inxertos (antiga cátedra de Agricultura)



Dúas vistas xerais da Colección Visitable do IES Lucus Augusti